

Resolución do 6 de maio, do tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo), pola que se da publicidade a diversos acordos

En sesión que tivo lugar o 6 de maio de 2022 o Tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo), de conformidade coas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Facer públicas como Anexo I a esta resolución a relación definitiva de persoas declaradas aptas na primeira proba do proceso. Facer pública como Anexo II a esta resolución a listaxe definitiva de resultados acadados na primeira proba do proceso.

Segundo. A segunda e terceira proba do proceso terán lugar o día 11 de maio de 2022 no Pavillón número 2 do Recinto Feiral de Silleda.

O chamamento para a segunda e terceira proba será único e comezará ás 10:30 horas. As persoas aspirantes non poderán acceder ao recinto con ningún dispositivo electrónico. A súa simple pertenza dentro do recinto determinará a exclusión da persoa aspirante do proceso.

A segunda proba do proceso consiste en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas tipo test máis 5 de reserva cuxo contido ven determinado no temario recollido no punto 6.2.C da convocatoria. Esta proba terá unha duración máxima dunha hora. Unha vez que rematen a proba as persoas aspirantes poden entregar o seu exercicio, excepto as persoas que deban realizar a proba de coñecemento da lingua galega. Para iso deben levantar a man e agardar a que un dos membros colaboradores do tribunal recolla o exame e lle indique que pode abandonar o recinto.

A terceira proba de coñecemento da lingua galega consiste na tradución dun texto do castelán para o galego e outro do galego para o castelán e terá unha duración máxima dunha hora. Esta proba terá lugar inmediatamente despois do remate da segunda proba, polo que as persoas que teñan que realizar a terceira proba permanecerán dentro do recinto no lugar asignado ata que remate a terceira proba. Unha vez que rematen a terceira proba poden entregar o seu exercicio. Para iso deben levantar a man e agardar a que un dos membros colaboradores do tribunal recolla o exame e lle indique que pode abandonar o recinto.

A relación de persoas convocadas a esta segunda e terceira proba, xunto coa porta de entrada ao recinto, figura como Anexo III a esta resolución.

As persoas convocadas deberán ir provistas de:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. Lapis número 2 e goma de borrar
3. Bolígrafo azul no caso das persoas convocadas á realización da proba de coñecementos da lingua galega

Terceiro. As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Cuarto O cuestionario e a plantilla de respostas correctas correspondente á segunda proba e o enunciado da terceira proba serán publicadas inmediatamente despois da finalización da terceira proba na web da Agasp e abrirase un prazo de dous días (12 e 13 de maio) para que as persoas aspirantes que o consideren fagan as alegacións que estimen



oportunas á segunda e terceira proba. Estas alegacións serán remitidas ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal.

Tal e como establecen as bases da convocatoria no punto 5.8, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En A Estrada, 6 de maio de 2022
A Presidenta do Tribunal
María Rey Rivera

